



ADMISIÓN E MATRÍCULA PARA O CURSO 2022-2023

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

O CEIP Feliciano Barrera oferta servizo de **transporte escolar**, que dispón de tres liñas coas seguintes paradas:

Cristiñade Tenda, Cinco Esquinas, Chan de Espiño, Nogueira (Arco, Tenda e Souto), Guláns Eido Vello, Tenda de Paulina, Outeiro de Foxo e Couso.

Ganade (Devesa, Souto e Fábrica).

ADSCRICIÓN DE CENTROS

O CEIP Feliciano Barrera está adscrito ao **IES do Barral**.

ÁREA DE INFLUENCIA

Consideráranse área de influencia do CEIP Feliciano Barrera as seguintes zonas:

Guláns, Cristiñade, Nogueira e Ganade.

NORMATIVA REGULADORA

O proceso de admisión de alumnado ríxese pola seguinte normativa reguladora:

- ✓ **Decreto 254/2012, do 13 de decembro**, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obligatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG do 26 de decembro de 2012)
- ✓ **Orde do 12 de marzo de 2013** pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obligatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG do 15 de marzo de 2013)
- ✓ **Orde do 25 de xaneiro de 2017**, pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obligatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG do 1 de febreiro de 2017)
- ✓ **ORDE do 18 de decembro de 2020** pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obligatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (código de procedemento ED550A e ED550B).
- ✓ **Decreto 13/2022, do 3 de febreiro**, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obligatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.



NOTA INFORMATIVA

- ✓ Cada alumna e alumno só pode presentar unha única solicitude de admisión no centro no que solicite praza en primeiro lugar. A infracción deste punto, determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.
- ✓ O alumnado que ten garantía de permanencia no CEIP Feliciano Barrera, se presenta solicitude de admisión noutro centro distinto deberá comunicalo ao equipo directivo.
- ✓ O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto, deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.
- ✓ En caso de ser maior o número de solicitudes que o de prazas ofertadas, abrirase un prazo para a presentación da documentación xustificativa dos criterios alegados para o baremo. Este prazo sería do 1 de marzo ao 12 de abril.

ADMISIÓN E MATRÍCULA PARA O CURSO 2022-2023

POSTOS ESCOLARES OFERTADOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2022-2023

CURSO	PRAZAS VACANTES LIBRES	PRAZAS VACANTES PARA NEAE
4º ed. Infantil	25	3
5º ed. Infantil	13	
6º ed. Infantil	16	
1º ed. Primaria	16	3
2º ed. Primaria	14	
3º ed. Primaria	17	
4º ed. Primaria	12	
5º ed. Primaria	15	
6º ed. Primaria	7	



SOLICITUDE DE ADMISIÓN

Prazo de presentación da solicitude de admisión: do 1 ao 21 de marzo

- ✓ Documento para solicitude de admisión (Anexo II)
- ✓ Fotocopia do libro de familia

Publicación das listaxes provisionais de alumnado admitido e non admitido:

Antes do 25 de abril.

Unha vez publicadas estas listaxes, haberá un prazo de 5 días hábiles para formular reclamación ante o Consello Escolar do centro.

Publicación das listaxes definitivas de alumnado admitido e non admitido:

Antes do 15 de maio

Unha vez publicadas estas listaxes, haberá un prazo de 1 mes para interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Xefatura Territorial.

MATRÍCULA

Unha vez que o alumno ou alumna é admitido no centro, é necesario formalizar a matrícula.

Prazo para formalizar a matrícula: do 20 ao 30 de xuño de 2020

- ✓ Documento de formalización de matrícula (Anexo III-1)
- ✓ 4 fotografías tamaño carné (co nome e apelidos escritos por detrás)
- ✓ Fotocopia da tarxeta sanitaria (nun folio sen recortar)
- ✓ Impreso de opción relixiosa
- ✓ Impreso de transporte escolar e autorización para o tratamento dos datos (só no caso de corresponderlle o uso do transporte escolar)
- ✓ Impreso de recollida de datos